

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

*CURSO  
2019/2020*

*Instrución do 27 de abril do 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do presente curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*

## **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (CONTIDOS E AVALIACIÓN)**

Atendendo ao establecido nas *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do presente curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, recollo neste informe unha adaptación dos puntos fundamentais da miña programación didáctica, atendendo ás directrices recollidas nas anteditas instrucións: "*centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos e as alumnas*" (...) "*Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado*" (...) "*A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente*".

### **CONTIDOS**

#### **EDUCACIÓN INFANTIL**

##### **CONTIDOS PARA 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

###### **\* CONTIDOS:**

- Obxectos relacionados co coidado das plantas
- Formas xeométricas: círculo, cadrado e triángulo.
- Situación espacial: un lado / outro lado.
- Coordinación e control corporal nas actividades de movemento.( P )
- Observación e descubrimento dos cambios no contorno, e do tempo durante a primavera.
- Identificación das características e necesidades das plantas.
- Discriminación auditiva das vogais: "i", "u", "a"
- Asociación da grafía do número 1,2 e 3 coa cantidade.
- Identificación e distinción das figuras xeométricas
- Discriminación da situación espacial: un lado / outro lado.
- Interpretación de cantigas .

- Emprego de técnicas plásticas diversas: estampado con pintura, punteado con rotuladores, colaxes...
- Participación activa nos traballos.
- Nocións de medida: ancho – estreito
- Coordinación de movementos .
- Clasificación de animais segundo a hábitat e o modo de desprazarse.
- Comprensión de textos.
- Interpretación de pictogramas.
- Discriminación da grafía dos números do 1 ó 3
- Memorización de cantigas.
- Gusto por participar nos xogos.
- Goce nas interpretacións musicais.
- -Nocións espaciais: diante – detrás.
- Expresión de vivencias reais ou imaxinarias.
- Recoñecemento das prendas axeitadas á estación do ano.
- Identificación das características climatolóxicas do verán.
- Recoñecemento do son das vogais.
- Identificación das cantidades dos números do 1 ó 3
- Identificación das formas xeométricas.
- Atención e relaxación durante as audicións.
- Expresarse plasticamente.

## CONTIDOS PARA 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL

- Formas xeométricas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.
- Situación espacial: un lado / outro lado
- Coordinación e control corporal nas actividades de movemento.
- Observación e descubrimento dos cambios no contorno, e do tempo durante a primavera.
- Identificación das características e necesidades das plantas.
- Discriminación auditiva das vogais e algunha consoante. Reproducción das grafías das vogais.
- Asociación da grafía do número 6 coa cantidade. Realización da súa grafía .
- Identificación e distinción das figuras xeométricas.
- Interpretación de cantigas .
- Emprego de técnicas plásticas diversas: estampado con pintura, punteado con rotuladores, colaxes, composición de flores.
- Participación activa nos traballos.
- Nocións de medida : máis que – menos que
- Explicación da elaboración dunha receita:ingredientes, proceso e resultado.
- Comprensión e memorización de textos.
- Asociación das grafías dos números 1,2,3,4,5,e 6 coa cantidade . Realización das grafías.
- Emprego dos recursos expresivos do corpo para acompañar á música.
- Nocións de medida:ancho – estreito.
- Coordinación de movementos no xogo.
- Comprensión de textos.
- Interpretación de pictogramas.
- Consolidación da grafía dos números do 1 ó 6 .
- Iniciación na resolución de problemas.

- Discriminación de son agudos e graves. Memorización de cantigas.
- Goce nas interpretacións musicais.
- Nocións de medida: lixeiro – pesado.
- Nocións espaciais: diante – detrás.
- Identificación das características climatolóxicas.
- Recoñecemento e produción das grafías.
- Realización dos trazos dos números do 1 ó 6.
- Realización de sumas gráficas.
- Atención e relaxación durante as audicións.
- Expresarse plasticamente.

### CONTIDOS PARA 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

- Formas xeométricas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.
- Situación espacial: un lado / outro lado.
- Coordinación e control corporal nas actividades de movemento.
- Observación e descubrimento dos cambios no contorno, e do tempo durante a primavera.
- Identificación das características e necesidades das plantas.
- Discriminación auditiva das vogais e consoantes traballadas. Reproducción das grafías.
- Asociación da grafía do número 8 coa cantidade. Realización da súa grafía.
- Identificación e distinción das figuras xeométricas.
- Discriminación da situación espacial: un lado / outro lado.
- Interpretación de cantigas
- Emprego de técnicas plásticas diversas: estampado con pintura, punteado con rotuladores, colaxes, ...

- Nocións de medida : máis que – menos que.
- Explicación da elaboración dunha receita:ingredientes, proceso e resultado.
- Comprensión e memorización de textos.
- Asociación das grafías dos números 1,2,3,4,5,6,7,8 e 9 coa cantidade . Realización das grafías.
- Realización de pequenas sumas.
- Emprego dos recursos expresivos do corpo para acompañar á música.
- Nocións de medida:ancho – estreito
- Coordinación de movementos no xogo.
- Comprensión de textos.
- Interpretación de pictogramas.
- Consolidación da grafía dos números do 1 ó 9 .
- Iniciación na resolución de problemas.
- Discriminación de son agudos e graves. Memorización de cantigas.
- Gusto por participar nos xogos.
- Goce nas interpretacións musicais.
- Nocións de medida: lixeiro – pesado.
- Nocións espaciais: diante – detrás.
- Recoñecemento das prendas axeitadas á estación do ano.
- Identificación das características climatolóxicas do verán.
- Recoñecemento e produción das grafías das vogais e consoantes.
- Realización de sumas gráficas.
- Identificación das formas xeométricas.
- Atención e relaxación durante as audicións.
- Expresarse plasticamente.

## 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

### **CIENCIAS NATURAIS:**

#### **a. *Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:***

- Iniciación á actividade científica.
- Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual.
- O ser humano e a saúde.
- Identificación do home e da muller como seres vivos.
- Comparación con outros seres vivos.
- Observación de igualdades e diferenzas entre as persoas.
- Identificación das partes do corpo humano.
- Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, lelicia) e sentimentos propios e alleos.
- Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio físico regulado, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer.
- Identificación dos alimentos diarios necesarios.
- Análise e costumes na alimentación diaria.
- Os seres vivos.
- Os seres vivos: as plantas e os animais.
- Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao medio.
- Observación e identificación de animais e plantas da contorna.
- Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.

#### **b. *Ampliaremos/avanzaremos:***

Ao ser o Primerio Curso de Educación Primaria non avanzaremos materia xa que todos os contidos son novos e é preferible traballalos na aula no vindeiro curso para que non existan diferenzas entre uns e outros.

## CIENCIAS SOCIAIS

### a. *Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:*

- O establecemento de conxeturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a iniciación ao coñecemento científico.
- Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar os obxectivos.
- Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo.
- Utilización de terminoloxía propia da área.
- Vivir en sociedade.
- Investigación sobre as relacións de parentesco e os roles familiares.
- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.
- A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa.
- Os medios de transporte. Clasificación e abastecemento.
- Educación viaria. Camiñando pola rúa.
- Uso e medida do tempo. Nocións básicas: antes, despois, día, mes. O paso do tempo: liña do tempo da súa historia persoal. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.

### b. *Ampliaremos/avanzaremos:*

Ao ser o Primerio Curso de Educación Primaria non avanzaremos materia xa que todos os contidos son novos e é preferible traballalos na aula no vindeiro curso para que non existan diferenzas entre uns e outros.

## MATEMÁTICAS

### a. *Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:*

- Números.
- Números naturais ata o 99.
- Nome e grafía dos números ata o 99.



- Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.
- O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.
- Identificación do número anterior e o seguinte.
- Identificación do número maior, o menor e o igual.
- Iniciación ao desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.
- Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados.
- Cálculo de sumas e restas.
- Utilización en situacións familiares da suma para xuntar e da resta para separar ou quitar.
- Resolución de problemas da vida cotiá.
- Estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares.
- Resolución de problemas de medida.
- Xeometría.
- Interpretación de representacións espaciais sinxelas en situacións da vida cotiá.
- Descrición de posicións e movementos, en relación a un mesmo e a outros puntos de referencia.
- Interese e curiosidade pola identificación das formas e dos seus elementos característicos.
- Uso do vocabulario xeométrico para describir itinerarios: liñas abertas e pechadas, rectas e curvas.
- Formas planas e espaciais: clasificación das figuras planas.
- Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá

b. ***Ampliaremos/avanzaremos:***

Ao ser o Primerio Curso de Educación Primaria non avanzaremos materia xa que todos os contidos son novos e é preferible traballalos na aula no vindeiro curso para que non existan diferenzas entre uns e outros.

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### a. *Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:*

- Comprensión de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.
- Comprensión global e específica da información audiovisual moi sinxela procedente de diferentes soportes.
- Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotiá.
- Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
- Comunicación escrita: Ler
- Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotiá como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
- Localización da información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotiá.
- Interpretación da información das ilustracións.
- Introducción ao uso xeral das bibliotecas virtuais, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación de convivencia.
- Comunicación escrita: Escribir
- Produción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos
- Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas, titulares, pes de foto) sobre acontecementos próximos á experiencia.
- Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descricións, explicacións)

- Respecto polas convencións xerais da escritura: uso das maiúsculas e do punto.
- Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión.
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.
- Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.
- Coñecemento da Lingua.
- Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio.
- Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.
- Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.
- Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.
- Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.
- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Educación Literaria.
- Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte.
- Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.
- Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.
- Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.

- Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer

b. **Ampliaremos/avanzaremos:**

Ao ser o Primeiro Curso de Educación Primaria non avanzaremos materia xa que todos os contidos son novos e é preferible traballalos na aula no vindeiro curso para que non existan diferenzas entre uns e outros.

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

a. **Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- Comunicación oral : escoitar.
- Interese pola ampliación de vocabulario.
- Creación de redes semánticas moi sinxelas.
- Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e procedentes de diferentes fontes.
- Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de comunicación.
- Audición de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa das diferenzas.
- Comunicación escrita: Ler
- Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade.
- Inicio ás estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións moi redundantes.
- Comprensión de textos de diversa tipoloxía adecuados á súa idade.
- Lectura de diferentes textos como fonte de información e de lecer.
- Comunicación escrita : escribir
- Recoñecemento e utilización de recursos gráficos na comunicación escrita.
- Uso de elementos lingüísticos e non lingüísticos na comunicación escrita.

- Utiliza estratexias para a produción de textos: planificación, identificación da función, textualización, revisión e reescritura.
- A palabra. Iniciación ao orde alfabético. Recoñecemento das características e uso das diferentes clases de palabras. Xénero e número do nome.
- Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao alcance e propios da súa idade.
- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Educación literaria.
- Coñecemento e lectura de contos tradicionais: maravillosos, de fórmulas, de animais, etc.
- Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal.
- Valoración de literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de goce persoal.

**b. *Ampliaremos/avanzaremos:***

Ao ser o Primerio Curso de Educación Primaria non avanzaremos materia xa que todos os contidos son novos e é preferible traballalos na aula no vindeiro curso para que non existan diferenzas entre uns e outros.

## **LINGUA ESTRANXEIRA**

**a. *Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:***

Léxico relativo a cores, números (1-20), obxectos escolares, membros da familia máis próxima, animais, tempo atmosférico, días da semana, estado de ánimo, elementos da natureza e accións.

**b. *Ampliaremos/avanzaremos:***

Non se fará ningunha ampliación.

## 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

### **CIENCIAS NATURAIS:**

- Iniciación á actividade científica.
- Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.
- Busca guiada de información en internet e noutros soportes
- Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Identificación e observación das partes do corpo humano.
- Relación co medio e co seu contorno.
- Recoñecemento da respiración e da nutrición como funcións vitais.
- Aceptación do propio corpo e o dos e das demais, coas súas limitacións e posibilidades.
- Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, leducia, felicidade) e sentimentos propios e alleos.
- Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
- Hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes no seu contorno e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen.
- Pirámide alimentaria.
- Alimentos diarios necesarios.
- Análise de costumes na alimentación diaria.
- Diferenzas entre seres vivos e inertes
- Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas
- Observación dun animal ou dunha planta no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, empregando diferentes soportes: orais, escritos, gráficos, informáticos, fotográficos...
- Rexistro elemental da observación e do contraste de datos entre os compañeiros/as.
- Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos.
- Respecto polos seres vivos do contorno.
- Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.
- Coidado dos recursos informáticos. Para axudar aos nenos e nenas a traballar telemáticamente.

NOTA: aínda que o tratamento dos contidos referentes ao uso e coidado do ordenador, estivese proxectado para a Terceira Avaliación e a meirande parte de contido da mesma foron retirados da programación, a situación actual fixo que para axudar a nenos, nenas e familias a afrontar as clase non presenciais de xeito telemático, se abordase este contido desde que comezou a situación de excepción, propoñendo explicacións e actividades na plataforma coa etiqueta TIC.

## CIENCIAS SOCIAIS

- O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.
- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.
- Introducción no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.
- Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos.
- Os ecosistemas da contorna e o ser humano.
- A paisaxe natural. O coidado e a contaminación. Tipos de paisaxes. A paisaxe natural que nos rodea. Tipos de paisaxe e a súa conservación. Observación de diferentes tipos de paisaxe. Comparación e identificación do tipo de paisaxe que corresponde ao contexto no que vive.
- Elementos máis significativos que conforman a paisaxe da localidade: relevo, ríos, illas, encoros, lagoas.
- O Concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía.
- As profesións e os sectores económicos.
- Seguridade viaria como persoas viaxeiras e peóns ou peoas.
- O reloxo como instrumento para medir o tempo.  
NOTA: este contido estaba programado orixinariamente para a terceira avaliación pero considereino un contido indispensable e unha necesidade a súa abordaxe.
- Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce.  
NOTA: para paliar os posibles efectos negativos do confinamento nos nenos engadín este contido orixinalmente proxectado para a Terceira Avaliación, propoñendo unha actividade de visita desde os seus fogares a un museo virtual da súa elección.

## MATEMÁTICAS

- Números naturais ata o 999.
- Nome e grafía dos números ata o 999.
- Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas.
- Identifica e relaciona os números ordinais do 1º ao 20º.

- Utilización dos números ordinais.
- Comparación de números.
- Cálculo de sumas e restas con levadas.
- Proba da resta.
- Coñecemento das táboas de multiplicar e apoiándose no número de veces, suma repetida...
- A suma e a multiplicación.
- Resolución de problemas da vida cotiá.
- Unidades de lonxitude: quilómetro, metro e centímetro.
- Unidades de peso: quilo, medio quilo e cuarto de quilo.
- Unidades de capacidade: litro, medio litro e cuarto de litro.
- Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
- Realización de medicións.
- Identificación, comparación e clasificación de figuras planas en obxectos e ámbitos cotiáns: triángulos, cuadriláteros, circunferencias, círculos e cadrados.
- Elementos xeométricos básicos: lado, vértice.
- Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.

## **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

- Respecto polas convencións xerais da escrita coñecidas : emprego de maiúsculas, palabras con ca,co,cu,que,qui, palabras con za, zo, zu, ce, ci,os signos de exclamación e interrogación, palabras con ga, go, gu, gue, gui, palabras con r e rr, palabras con mp e mb, palabras con br e bl e palabras con x.
- Escritura e reescritura de textos literarios e non literarios axeitados á súa idade, intereses, ao ámbito educativo e cotiá: oracións, descripcións, postais, fichas de lectura, etiquetas, entrevistas e contos.

NOTA: aínda que este contido, o conto, en Lingua Galega estaba orixinalmente programado para a Terceira Avaliación, figura entre os contidos dos primeiros trimestres de Lingua Castelá e presenteino neste período como actividade co obxectivo de ser fonte de expresión e entretemento dos meus alumnos e alumnas neste período de confinamiento con poucos estímulos.



- Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes de vídeos de internet para obter información xeral sobre os contidos abordados e relativos ao ámbito educativo, á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato.
- Uso de fórmulas de tratamento axeitadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
- Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal.
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos.
- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- Lectura de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- Emprego das regras básicas de ortografía e puntuación coñecidas: emprego de maiúsculas, palabras con ca,co,cu,que,qui, palabras con za, zo, zu, ce, ci, os signos de exclamación e interrogación, palabras con ga, go, gu, gue, gui, güe, güi, palabras con ja, jo, ju, je, ji, ge, gi, palabras con r e rr e palabras terminadas en illo e illa.  
NOTA: Aínda que o uso de mp/mb estaba proxectado para a Terceira Avaliación, o estudamos con anterioridade motivada esta decisión pola necesidade de paliar os faios ortográficos na corrección de tarefas das linguas en trimestres previos. Ademáis en Lingua Galega este contido estaba proxectado para ser abordado na Primeira Avaliación. Polo que será un contido a repasar neste trimestre.
- Familias de palabras
- Diminutivos e aumentativos
- Sinónimos

- Campo semántico
- Palabras compostas
- Comprensión de textos orais sinxelos procedentes de vídeos de internet.
- Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.
- Lectura de distintos tipos de texto próximos á súa experiencia.
- Comprensión de textos escrito de diversa tipoloxía, axeitados á súa idade empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.
- Gusto pola lectura.
- Selección de libros segundo o gusto persoal.
- Uso guiado das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a búsqueda da información.
- Produción de textos moi sinxelos axeitados á súa idade, como contos, descripcións de persoas e animais, notas, contar unha viaxe, escribir unha noticia ou un anuncio, intentando presentalos de xeito claro e limpo.
- A palabra e a sílaba.
- Silabas tónicas e sílabas átonas.
- A oración e clases de oracións.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, artigos e adxectivos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Recoñecemento dos constituintes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.
- Clases de nomes: comúns e propios.
- As relacións gramaticais que se establecen entre o nome e o resto dos compoñentes do grupo nominal.
- Creación de textos empregando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: anuncios.
- Emprego do material da plataforma educativa virtual e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.
- Identificación das variedades da lingua na nosa comunidade autónoma. Identificación das similitudes e diferencias entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e acadar unha competencia comunicativa integrada.
- Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal.
- Lectura guiada e comentada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

## **LINGUA ESTRANXEIRA**

### **a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

Léxico relativo a cores, números (1-20), partes dunha casa, obxectos escolares, membros da familia máis próxima, animais salvaxes, tempo atmosférico, días da semana, meses, abecedario, roupa, preposicións, estado de ánimo, elementos da natureza e accións.

### **b. Ampliaremos/avanzaremos:**

Non se fará ningunha ampliación.

## **3º EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **CIENCIAS NATURAIS:**

#### **a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- A alimentación e a saúde. Os alimentos: clasificación e función no organismo, hábitos de alimentación, dieta equilibrada.
- Os animais vertebrados e invertebrados.
- Os animais terrestres e os animais acuáticos.

#### **b. Ampliaremos/avanzaremos:**

- A materia: e propiedades fundamentais dos materiais.
- Estados da auga e da materia. (Xa traballados en Ciencias Sociais)
- A enerxía e as fontes de enerxía.
- O aforro de enerxía.
- A regra das 3 erres.
- Os inventos.
- (Ampliación dos contidos estudados no curso anterior).
- Técnicas de estudo: o esquema.

### **CIENCIAS SOCIAIS**

#### **a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- O ciclo da auga.
- As paisaxes.
- Os traballos na natureza: o sector primario, os cultivos as tarefas dos agricultores/as.
- A contaminación do aire e da auga.

#### **b. Ampliaremos/avanzaremos:**

- Os traballos do sector secundario.
- Os traballos do sector terciario.
- Introducción á Historia: o paso do tempo e as fontes históricas.  
(Ampliación dos contidos estudados no curso anterior).
- Técnicas de estudo: o resumo.

## **MATEMÁTICAS**

### ***a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:***

- Números de 3, 4 e 5 cifras.
- Operacións básicas de cálculo e propiedades: suma, resta, división por unha cifra e multiplicación.
- Números romanos.
- Iniciación ás fraccións e aos números decimais.
- Resolución de problemas da vida cotiá: completar e inventar enunciados, averiguar os datos que sobras e inventar preguntas.

### ***a. Ampliaremos/avanzaremos:***

- As figuras planas.
- Unidades de lonxitude, de capacidade e de tempo.
- O reloxo e o diñeiro.

(Ampliación dos contidos estudados no curso anterior).

## **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

### ***a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:***

- Lectura e comprensión lectora de textos adaptado á idade e curso e relacionados con os intereses do alumnado.
- Expresión escrita en diversas situacións de comunicación: a carta, correo electrónico, a receita, a descrición, o conto.
- Regras ortográficas: o son Z, o son K, o son G, a diérese, a R, a RR, a H, a B e a V.
- Signos de puntuación: a exclamación, a interrogación, o punto e a coma.
- Gramática: a oración, o nome (xénero e número), o artigo e os posesivos.
- As familias de palabras, sinónimos e antónimos.

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

### **a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- Lectura e comprensión lectora de diversos tipos de textos: o conto popular, a lenda, a fábula, a descrición, o texto informativo e a noticia.
- Expresión escrita: a noticia, a descrición, a receita e os contos.
- Iniciación á literatura e a escritura de poemas: textos poéticos, versos, estrofas, a rima.
- Regras ortográficas: a K, a Z, a G, a R/RR, a J, MB e MP, palabras rematadas en -Z / -D, A/HA.
- A maiúscula inicial e o punto seguido e punto final. Signos de interrogación e exclamación.
- Gramática: a oración, o nome (xénero e número), o artigo, os posesivos, os demostrativos, o adxectivo e o verbo.
- As familias de palabras, sinónimos e antónimos, xentilicios, familia de palabras, palabras e palabras derivadas.

## LINGUA ESTRANXEIRA

### **a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

Léxico relativo a cores, números (1-100), descrición física, hora, rutinas diarias, estado de ánimo, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, comida.

Estruturas sintácticas básicas en relación ao léxico.

### **b. Ampliaremos/avanzaremos:**

Léxico relativo a obxectos escolares, membros da familia, animais, abecedario, roupa, preposicións, elementos da natureza e accións.

Estruturas sintácticas básicas en relación ao léxico.

## 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

### CIENCIAS NATURAIS:

#### **a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- Os animais: invertebrados e vertebrados.
- A gandería.
- As funcións vitais.
- As rochas e os minerais.
- A reciclaxe. A regra das 3 erres.

**b. Ampliaremos/avanzaremos:**

- A materia: materiais naturais e artificiais.
- A enerxía: a forza, fontes de enerxía e uso da enerxía.
- As maquinas simples.
- (Ampliación dos contidos estudados no curso anterior, en 3 de E. P. ).
- Técnicas de estudo: o esquema e o subliñado de palabras clave.

## **CIENCIAS SOCIAIS**

**a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- O tempo e o clima.
- As paisaxes: de España, paisaxes transformadas e naturais, vexetación.
- As Comunidades Autónomas e as provincias.
- A Unión Europea.

**b. Ampliaremos/avanzaremos:**

- As actividades económicas: o sector primario, o sector secundario e o sector terciario.
- Repaso dos contidos de “historia” traballados en 3º de E. P.: fontes históricas, os historiadores, a medida do tempo, o paso do tempo, Galicia na Prehistoria.  
(Ampliación dos contidos estudados no curso anterior, en 3 de E. P. ).
- Técnicas de estudo: liña do tempo, esquemas e o subliñado de palabras clave.

## **MATEMÁTICAS**

**a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- Números de hasta 7 cifras.
- Operacións de cálculo, suma, resta, multiplicación e división.
- Resolución de problemas da vida cotiá: completar e inventar enunciados, adiviñar os datos que sobran e inventar preguntas.
- Números decimais: operacións.
- As unidades de tempo e o reloxo.

**b. Ampliaremos/avanzaremos:**

- Unidades de lonxitude, capacidade e masa.
- Rectas e polígonos.

(Ampliación dos contidos estudados no curso anterior, en 3 de E. P. ).

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### **a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- Lectura e comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía.
- Expresión escrita en diversas situacións de comunicación: o correo electrónico, a carta, as noticias e os contos.
- Regras ortográficas: a B e a V, -X / -S, a H e a acentuación de palabras.
- Signos de puntuación: a exclamación, a interrogación, o punto, a coma, os puntos suspensivos, os dous puntos e o guión.
- Gramática: a oración, o artigo, os posesivos, os demostrativos.
- As familias de palabras, sinónimos e antónimos.
- Ampliación de vocabulario.
- Literatura. Iniciación aos recursos literarios.

### **b. Ampliaremos/avanzaremos:**

- Clases de oracións. (Xa estudadas en Lingua Castelá).
- Os pronomes.
- O texto teatral
- A literatura popular.

(Ampliación dos contidos estudados no curso anterior, en 3 de E. P. ).

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

### **a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- Lectura e comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía.
- Expresión escrita: a descrición, a entrevista, a receita e o conto (partes), o esquema e o resumo.
- Ortografía: a letra H, a B e a V, a J e a G, A/HA.
- Gramática: a sílaba, o substantivo o adxectivo, posesivo, demostrativo, numerais, indefinidos e artigos.
- Regras de puntuación: o punto seguido, o punto e aparte e o punto final.
- As familias de palabras, sinónimos e antónimos, familia de palabras.
- Literatura: os xéneros literarios, medida de versos, escritura creativa e recursos literarios.

**b. Ampliaremos/avanzaremos:**

- Pronomes persoais.
- Os puntos suspensivos, a coma e o guión.
- O verbo.
- O teatro.

(Ampliación dos contidos estudados no curso anterior, en 3 de E. P. ).

## **LINGUA ESTRANXEIRA**

**a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

Léxico relativo a cores, números (1-100), descripción física, hora, rutinas diarias, estado de ánimo, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, comida.

Estruturas sintácticas básicas en relación ao léxico.

**b. Ampliaremos/avanzaremos:**

Léxico relativo a obxectos escolares, membros da familia, animais, abecedario, roupa, preposicións, elementos da natureza e accións.

Estruturas sintácticas básicas en relación ao léxico.

## **5º EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **CIENCIAS NATURAIS:**

**a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- Emprego de diferentes fontes de información.
- Lectura de textos propios da área.
- Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.
- Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.
- Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.
- Os seres vivos: características, clasificación e tipos.
- Características e compoñentes dun ecosistema.



- As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias.
- Actuacións humanas que modifican o medio natural. Extinción de especies.
- Emprego de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos.
- As plantas: a estrutura e fisioloxía. A fotosíntese.

**b. Ampliaremos/avanzaremos:**

- A materia e os seus estados.
- Comparación e clasificación dos materiais segundo propiedades físicas observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica.
- A enerxía.
- Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables non renovables.
- Fontes de enerxías renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.
- Realización de experiencias sinxelas sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá e doméstica: a combustión, a oxidación e a fermentación.
- A tecnoloxía e as máquinas.
- Uso das máquinas eléctricas na vida cotiá e doméstica. Normas de seguridade.

## **CIENCIAS SOCIAIS**

**a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). A prensa escrita e dixital como fonte de información.
- España, o país onde vivimos.
- Mapa político de España: comunidades, provincias e capitais de comunidade.
- O lugar onde vivimos.
- Distintos tipos de poboacións e o seu análise.
- A organización do territorio, dende o concello ata a UE.
- Tipos de climas de España e as súas zonas de influencia. O clima en Galicia.
- Demografía e poboación. Variables demográficas.
- Conceptos demográficos: poboación absoluta, densidade de poboación, distribución espacial, crecemento natural e crecemento real da poboación, censo, natalidade, mortalidade.
- Sectores de produción e a súa análise.
- Actividades produtivas: recursos naturais e materias primas.
- As actividades económicas e os sectores produtivos de España.
- A paisaxe: elementos que a forman, tipos de paisaxes.

**b. Ampliaremos/avanzaremos:**

- Intervención humana no medio. Estudo de campo das consecuencias da intervención humana na contorna.
- A contaminación e o cambio climático.
- Desenvolvemento sostible e consumo responsable.

## **MATEMÁTICAS**

**a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- Lectura e comprensión de enunciados.
- Identificación do número e do tipo de operacións que se deben facer para resolver un problema.
- Recoñecemento dos usos e as funcións dos números na vida diaria.
- Lectura, escritura, descomposición e comparación de números naturais de máis de sete cifras.
- Redondeo de números naturais á centea de millar.
- Suma, resta e multiplicación por números naturais de varias cifras.
- Propiedade distributiva da multiplicación.
- Cálculo de divisións de dúas e tres cifras.
- Realización da proba dunha división.
- Obtención, interpretación e rexistro de datos en táboas.
- Obtención de múltiplos y divisores de un número.
- Criterios de divisibilidade.
- Números primos y compostos.
- Sumas y restas de fracciones de igual denominador.
- Resolución de operacións con fraccións de distinto denominador polo método dos produtos cruzados.
- Fraccións equivalentes a un número natural.
- Números mixtos e comparación de fraccións.
- Redución de fraccións a común denominador.
- Resolución de problemas con fraccións.
- Operacións con números decimais.
- División de un decimal entre un número natural.
- Resolución de problemas con números decimais.
- División de un decimal pola unidade seguida de ceros.

**b. *Ampliaremos/avanzaremos:***

- Porcentaxes.
- Realización de cálculos de fraccións decimais.
- Unidades de lonxitude, de capacidade e de masa e relación entre elas.
- Realización de problemas nos que hai que realizar cambio de unidade.
- Área de figuras con un cadrado superficie.
- Resolución de problemas con áreas de superficie.
- Polígonos regulares e irregulares.
- Clasificación de polígonos.
- Base e altura de triángulos e paralelogramos.
- Área das figuras xeométricas: cadrado, rectángulo, triángulo e círculo.
- Probabilidade e media.
- Identificación de sucesos máis ou menos probables.

## **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

**a. *Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:***

- Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet e uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender.
- Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián.
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas).
- Uso, de maneira xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Comprensión de textos sinxelos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).
- Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto sinxelo.
- Utiliza as tecnoloxías da información para localizar, seleccionar e organizar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade.

- Lectura expresiva e dramatización de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, amosando capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes do proceso escritor.
- Composición de textos propios de diferente tipoloxía.
- En canto ao coñecemento da lingua afondaremos nos seguintes contidos: palabras sinónimas, palabras antónimas, palabras polisémicas, palabras homónimas, campo léxico, palabras compostas, palabras simples, palabras derivadas, palabras primitivas, familias de palabras, o substantivo, os determinantes (artigos, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos), o adxectivo, os pronomes persoais, uso da coma, do punto e coma, dos dous puntos e do guión.
- Coñecemento xeral das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Coñece e aplica, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular.
- escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos e cantigas), así como da literatura galega en xeral.
- Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.

**b. Ampliaremos/avanzaremos:**

Non se fará ampliación de ningún contido ao non contar coa colaboración de todos os nenos na realización das tarefas e co obxectivo de que ningún comece o seguinte curso en situación de desvantaxe.

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

### **a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:**

- Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.
- Produción de textos orais segundo a súa tipoloxía segundo os diferentes formatos e intencións comunicativas.
- Lectura de distintos tipos de texto.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.
- Produción de textos coherentes para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.
- Aplicación das normas ortográficas. Acentuación.
- Uso autónomo do dicionario, incorporando a súa consulta aos seus hábitos de escritura.
- Uso da linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.
- En canto ao coñecemento da lingua, afondaremos nos seguintes contidos: palabras sinónimas, palabras antónimas, palabras monosémicas, palabras polisémicas, palabras homónimas, palabras parónimas, campo semántico, campo léxico, palabras compostas, palabras simples, palabras derivadas, palabras primitivas, familias de palabras, os prefixos, os sufixos, o substantivo, os determinantes (artigos, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos), o adxectivo, os pronomes persoais, uso da coma, do punto e coma, dos dous puntos e do guión.
- Lectura de distintos tipos de textos literarios.
- Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos e poemas.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.

### **b. Ampliaremos/avanzaremos:**

Non se fará ampliación de ningún contido ao non contar coa colaboración de todos os nenos na realización das tarefas e co obxectivo de que ningún comece o seguinte curso en situación de desvantaxe.

## **LINGUA ESTRANXEIRA**

### ***a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:***

Léxico relativo a descrición física, hora, rutinas diarias, estado de ánimo, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, comida, profesións, elementos da natureza.

Estruturas sintácticas básicas en relación ao léxico usando o presente.

### ***b. Ampliaremos/avanzaremos:***

Estruturas sintácticas básicas en relación ao léxico usando o pasado.

## **6º EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **CIENCIAS NATURAIS:**

#### ***a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:***

- FUNCIONES VITAIS de nutrición, de relación e de reproducción.
- O CORPO HUMANO. Conceptos: as células, os tecidos, os órganos, os sistemas e os aparatos.
- ÓRGANOS DOS SENTIDOS: vista, oído, olfato, gusto e tacto.
- APARATO LOCOMOTOR: osos, músculos e articulacións.
- APARATO CIRCULATORIO: partes e funcións.
- APARATO DIXESTIVO: partes e principais funcións.
- APARATO EXCRETOR: partes e principais funcións.
- APARATO RESPIRATORIO: partes e principais funcións.
- O SISTEMA NERVIOSO: coñecementos das súas partes e a principal función de cada unha.
- ECOSISTEMA E AS SÚAS PARTES.
- AS PLANTAS: tipos de plantas.
- OS ANIMAIS: vertebrados e invertebrados. Tipos de vertebrados e de invertebrados.

### **CIENCIAS SOCIAIS**

#### ***a. Repasaremos e afondaremos nos seguintes contidos:***

- A atmosfera e o clima. Elementos e factores que condicionan o clima.
